

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Coordinación STEMBach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: Elena Alonso Prieto	
Enderezo electrónico: elonso@uvigo.gal	Teléfono: 986 813 490
Dirección do proxecto Uvigo:	
Nome: José Santiago Pozo Antonio	
Enderezo electrónico: ipozo@uvigo.gal	Teléfono: 986 814 077
Co-dirección do proxecto UVigo:	
Nome: Daniel Jiménez Desmond	
Enderezo electrónico:	Teléfono:

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

título

Avaliando o estado e conservando a *street art* da túa zona

Resumo

Este proxecto busca que o alumnado coñeza os materiais que constitúen os paneis e as pinturas que adornan as fachadas e paredes dos edificios da súa vila ou cidade. A *street art* é unha recente tendencia artística que permite que materiais colorantes empregados anteriormente para realizar pintadas vandálicas se empreguen para crear obras de arte que como tales teñen que ser conservadas e restauradas. Desta maneira é moi importante coñecer a natureza das pinturas (pinturas acrílicas, graffitis, etc.) e dos soportes nos que se aplican (formigón, rochas, metais, etc.). Ademais de coñecer a deterioración destes materiais, este proxecto tamén se centrará nas medidas de conservación que haberá que avaliar para cada condición específica como capas protectoras.

Obxectivo

- Coñecer a arte urbana que se atopa na súa contorna.
- Coñecer dende un punto de vista físico e químico as pinturas dos murais.
- Adquirir coñecementos sobre a influencia dos factores físicos e bióticos da contorna nestas obras de arte.

Plan de traballo

1. Identificación das obras de arte pertencentes á *street art*.
2. Realizarse unha caracterización do interese de cada obra e realizaranse entrevistas con artistas para coñecer as súas inquiredanzas.
3. Identificación dos principais materiais empregados: pinturas e soportes.
4. Formación acerca das metodoloxías de avaliación de obras de arte dende un punto de vista científico.
5. Traballo de laboratorio para realizar envellecementos acelerados das mostras reproducidas no laboratorio en función do observado nas cidades.